

Madrid, 19 de setembro de 2015

As eleccións municipais do 24 de maio de 2015 transformaron substancialmente o mapa local. Por primeira vez, iniciativas cidadás chegaron ao goberno das principais cidades co obxectivo de abrir as institucións e polas ao servizo das maiorías sociais. Entramos nos concellos para transformalos e facelos máis democráticos, máis xustos e máis transparentes.

A FEMP, tal e como a coñecemos, xa non serve. Dominada polo bipartidismo, non foi un instrumento útil para reforzar a democracia municipal. E tampouco serviu para contrarrestar normas como a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), que supuxo un ataque sen precedentes contra a autonomía local.

Desde os municipios do cambio, consideramos que é fundamental contar con institucións que defendan o municipalismo, as administracións máis próximas á cidadanía e as súas necesidades. Consideramos que a FEMP debe asumir estas prioridades ineludibles que deberían empezar por pedir a derogación sen indicios á LRSAL. Estes obxectivos son compartidos por todos os municipios asinantes e traballaremos para que se cumpran.

En definitiva, e tendo en conta a diversidade do mapa municipal resultado das últimas eleccións, consideramos que a FEMP debe afrontar un cambio profundo nos seus órganos de representación, abordando canto antes unha reforma dos seus estatutos para democratizar a entidade e non quedar varada no actual modelo de goberno bipartidista.

O pasado 24 de maio, en paralelo ao cambio en moitos gobernos municipais, abriuse tamén un novo espazo de cooperación entre cidades á marxe da FEMP. Un espazo solidario de colaboración e traballo en común, coa cidadanía como prioridade, que é necesario ampliar e profundar. E non deixaremos de facelo.

Subscriben:

Ayuntamiento de Madrid
Ajuntament de Barcelona
Concello da Coruña
Concello de Santiago de Compostela
Concello de Ferrol
Ayuntamiento de Cádiz
Ayuntamiento de Rivas-Vaciamadrid
Ayuntamiento de Puerto Real
Ayuntamiento de Zaragoza